



## **A LINGUA PROPRIA, UN FACTOR DE COHESIÓN SOCIAL**

**Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2009**

Boa noite,

En primeiro lugar quero agradecer á Fundación Galiza Sempre, o convite para intervir nesta conferencia, en Santiago de Compostela, capital de Galiza, unha nazón milenaria en Europa.

Espero que o debate que teremos aquí hoxe poida explicar o resultado da nosa experiencia nos Países Cataláns, e que vos sexa útil, mesmo salvando as diferencias cos noso colegas nacionalistas galegos, entre os nosos pais, cos que compartimos o mesmo desexo universal: a loita pola xustiza social e a liberdade nacional dos nosos pobos.

Para a forza política de esquerdas que represento, Esquerra Republicana de Catalunya, o partido máis antigo do meu país, a xustiza social formou parte do noso ADN desde a nosa fundación, en 1931 (*mil novecientos trinta e un*), hai xa 78 (*setenta e oito*) anos.

Unha xustiza social, que dende posicións socialdemócratas, defende o estado de benestar, conquista histórica da esquerda, a través dunha economía social de mercado onde tan importante é a iniciativa privada, motor dunha economía productiva, como a do sector público, que garanta unha maior igualdade de acceso aos servizos básicos (saúde, educación, cultura, protección social, mobilidade ...) e que redistribúa a riqueza para acadar unha sociedade máis xusta e un desenvolvemento sustentábel.

A cohesión social pasa pois polo dereito ao traballo, á vivenda, á saúde ... sen dúbida. Pero a cohesión social, pasa tamén ineludiblemente por garantir a todas e todos o acceso á educación e á cultura.

Porque unha boa educación é a mellor garantía para a igualdade de oportunidades. Porque o desenvolvemento cultural fai cidadáns libres e críticos, capaces de defender todos os seus dereitos e de imaxinar outros e conquistar outros dereitos novos no futuro.

E o acceso á educación e á cultura debe ser feita na lingua do país. O que debería ser a lingua pública común nun país como Cataluña, onde se falan máis de 200 (duas centas) línguas. Ben, certamente: **a lingua propia**.

### **Cataluña, terra de acollida**

Cataluña recibiu durante o último século importantes vagas migratorias: primeiro a partir de case todos os recunchos do Estado español, especialmente de Andalucía, Extremadura, Castela, Aragón e Galiza. E na última década foron incorporadas en Cataluña, máis dun millón de persoas, principalmente procedentes de Marrocos, Romanía e de América Latina. Valores en números absolutos do mesmo xeito que os de Alemaña, un estado once veces maior que o meu país.

En Cataluña hoxe estamos vivindo sete millóns e medio de habitantes. Como afirma Anna Cabré, directora do *Centre d'Estudis Demogràfics da Universitat Autònoma de Barcelona*, a poboación catalana sen todas esas ondas de inmigración, hoxe sería só dous millóns e medio de habitantes.

Culturas, linguas, crenzas, estilos de vida moi diferentes para crear un complexo mosaico que engaden novos problemas ao xa antigos: pergúntome como defender, actualizar e modernizar a nosa lingua e a nosa cultura, nun contexto de globalización, sabendo que non temos un Estado a favor?

Como facer coa tendencia da gran industria cultural española da pura asimilación cultural?

Como facer sabendo que pasamos da "unidad de destino en lo universal" á "unidad de mercado en lo universal"?

Como facer unha sociedade xusta, con igualdade de oportunidades, que funcione de ascensor social para todos e todas, ou sexa, facendo posíbel a mobilidade social, o principal motor da integración, enxerto dunha nova sociedade?

Non aproveitará o nacionalismo español —perdón, na terminoloxía de Xosé Manuel Beiras: o chauvinismo español,— a suma destes factores: globalización, inmigración e acumulación de poder (mediático, financeiro, económico ...) en Madrid, a capital do Estado, para dar a estocada definitiva a outras culturas que conviven, ou mellor dito, que malviven no Estado español?

### **Unha política lingüística para facer do catalána lingua pública común de Cataluña**

Hoxe, no comenzo do século XXI, e moi especialmente na nosa parte do mundo, as sociedades xa non son (nen poden ser) monolingües. Mesmo en Estados xacobinos, máis afeitos a traballar nun só idioma, xa non se atopa esa uniformidade lingüística. Ben ao contrario: hoxe as sociedades modernas están abertas, son receptoras da inmigración (en Europa) e cada vez son máis plurais, tanto en termos das súas orixes como das súas propias identidades.

Por esa razón, temos, que preparar un axuste da política lingüística para establecer cal debe ser a lingua pública común, qué linguas deben constituir a bagaxe lingüística da cidadanía e como deben ser artelladas as regras de funcionamento das sociedades plurilingües (que na nosa parte do mundo, hoxendia, son practicamente todas, en maior ou menor medida).

### **Reaxuste da política lingüística en Cataluña**

A política lingüística, especialmente nunha nación sen estado, como é Cataluña, debe ser flexible e debe axustarse ás necesidades dunha sociedade en mudanza. Cando, despois da morte do ditador Franco e do restablecemento da democracia, Cataluña recuperou a súa autonomía e as súas institucións propias, comezou tamén un proceso de recuperación da lingua catalá. Na terminoloxía daquela época, falabase dun proceso de normalización lingüística e, referíase especificamente á superación da satelización lingüística, da diglosia. Tratábase de que a lingua catalana recuperara os espazos de uso e eu fora acadado, con todas as consecuencias, o estatus de lingua oficial, tal e como aparecía no Estatuto de Autonomía.

Un pouco máis tarde que en Cataluña, a autonomía tamén foi acadada nas Illas Balears e o País Valenciano, e iso levou ao recoñecemento como lingua oficial e ao desenvolvemento legal

desta oficialidade.

Tratábase daquela de recuperar os espazos públicos para a lingua catalana, para asentar seu uso oficial, para ensinar aos funcionarios e profesionais da educación, e para incorporar lingüísticamente á comunidade catalá-falante ao continxente de inmigrantes que chegaron ao país durante a época da ditadura, a gran maioría catelánfalantes, procedentes de áreas económicamente menos desenvolvidas do Estado español.

O horizonte no que se movía a política lingüística durante esta primeira etapa era o de acadar o asentamento do catalá como a lingua oficial de ensino e a lingua para o máximo de persoas inmigrantes. De maneira que, máis ou menos, podíase imaxinar un futuro no que Cataluña fora unha sociedade homoxénea dende o punto de vista sociolingüístico.

Estes parámetros, malia esa intención, xa non se corresponden coa realidade cambiante deste momento. O mundo estaba mudando moi rápidamente. Seguramente mudaba a unha velocidade moi superior á capacidade de adaptación das políticas públicas en relación á regularización do uso da lingua. Pero co tempo, lóxicamente, tivemos que facer da necesidade virtude.

No inicio da recuperación da autonomía, a principal preocupación da política lingüística en Cataluña foi, polo tanto, a recuperación de áreas de uso para a lingua catalana e á solidificación do seu estatuto xurídico, como a lingua oficial do país, xunto co español, lingua oficial tamén en Cataluña en tanto que lingua oficial do Estado.

Tampouco non se prestou excesiva atención (para non dicir nengunha) á bagaxe individual dos falantes en termos das súas propias competencias lingüísticas. Daquela, a necesidade de dominar varias linguas non era tan evidente como agora. Pensen, por exemplo, que aínda estabamos lonxe do proceso de integración europea, que para todos os demócratas e europeístas, era un horizonte non só desexable, senón comezara a camiñar con pasos firmes. E non se pensaba (aínda) de artellar calquera tipo de política pública coa finalidade de de xestionar o plurilingüismo interior na nosa sociedade (moi lonxe da realidade actual, dito sexa de paso).

Hoxe, pola contra, as preocupacións da política lingüística en Cataluña foronse actualizando e fóronse diversificando.

a) En primeiro lugar, continuase traballando para acadar que a a lingua catalá teña garantida seu estatuto de lingua oficial e sua implantación e asentamento institucional e social como lingua oficial. Agora, porén, no contexto do plurilingüismo existente no país interesa en especial veicular este obxectivo na perspectiva de facer do catalá a lingua pública común no contexto dunha sociedade na que se falen moitas linguas diferentes.

b) Ademais, deben traballarse as habilidades lingüísticas do conxunto da poboación de Cataluña. A Unión Europea, no marco do Proceso de Lisboa, afirma que os cidadáns europeos deben esforzarse para dominar, alomenos, tres linguas: a súa propia e outras dúas linguas máis. Certamente, neste aspecto, a sociedade catalana está ben por riba da media do Estado español, pero aínda estamos lonxe de ser capaces de usar tres linguas de xeito xeralizado.

c) Asimesmo, debemos establecer as bases para que, dentro da nosa sociedade, poidamos combinar da mellor maneira posible unha pluralidade de identidades, propia dunha cidadanía aberta e dun concepto integrador de xestións das propias adeseións nacionais, dentro do noso país. Hoxe conviven en Cataluña persoas que só se sinten cataláns, outras que se sinten cataláns e españois, persoas que se sinten só españolas, e outras persoas que se senten do lugar de orixe (Brasil, Ecuador, Senegal, china, Filipinas ...) e cataláns (e españois ... ou non), e europeos (ou non). O obxectivo do goberno de Cataluña é acadar unha catalanidade integradora, dende a que as persoas que teñen como propias as súas identidades non excluintes e plurais poidan sentirse cómodas ao máximo.

d) Todo isto, porén, significa que deba existir uns consensos de base para poder funcionar en sociedade. Nengunha sociedade pode funcionar, positivamente, sen estes consensos básicos. Dende o noso punto de vista, dous consensos básicos son **a identificación co país** (considerada en maior ou menor grao, en primeiro lugar ou nun lugar máis secundario, cataláns) e a aceptación do catalá como a lingua común pública. Con estes dous elementos xeralizados, podemos asegurar que pode ser garantida a necesaria cohesión social no seo da sociedade catalana.

Estamos nunha situación, daquela, na que é necesario axustar a política lingüística de Cataluña porque as condicións da sociedade mudaron. Por suposto, non partimos dun manual preestablecido nen de calquera dogmatismo, á hora de artellar a política lingüística do noso país, senon que temos a flexibilidade necesaria para adaptarnos ás necesidades e características sociais de cada etapa.

### **Sociedades abertas, sociedades plurilingües**

Hoxendia as sociedades democráticas da nosa parte do mundo, son abertas, con grandes mudanzas demográficas, receptoras da inmigración, cosmopolitas e, de acordo con todo isto, plurilingües. A visión romántica das sociedades monolingües desapareceu completamente xa hai moito tempo. Mesmo a visión romántica de elementos como a identidade nacional mudou.

Hoxendia, unha lingua é unha bagaxe insuficiente, sexa a lingua que sexa. Aínda que esta lingua sexa a interlingua, o idioma máis universalmente coñecido, como o inglés, o seu coñecemento e utilización resulta insuficiente só. As desvantaxes, diante daqueles que son capaces de empregar varios idiomas. Como demostrou o estudo de ELAN aplicado ao Reino Unido, as empresas que incorporen varios idiomas no seu funcionamento, mantéñense mellor que aquelas que fican no monolingüismo. Imaxinemos que se isto acontece no caso da lingua máis poderosa do mundo, que é o que acontece co resto.

O mesmo que acontece coas linguas, pasa en termos de identificacións nacionais. O nacionalismo tradicional, de matriz romántica, era excluinte por definición. E en calquera caso, resultaba pouco integrador. E, nunha sociedade como a nosa, resulta pouco útil para a cohesión social. Precísase, entre nós, redefinir a identidade nacional, e entendela en consonancia coas características propias das sociedades abertas.

Unha persoa, se así o sente e o desexa, pode sentirse identificada con varias "identidades nacionais", sen que esta identificación sexa excluinte. É imprescindible implantar un proceso aberto e flexible sobre a identidade nacional. Senon, as nosas sociedades, polas súas

características específicas, poden converterse en area de conflitos importantes.

Dende o meu punto de vista, en Cataluña, estamos no bon vieiro para resolver problemas que poidan derivarse desas cuestións, a través dunha catalanidade aberta, integradora, baseada nun amplo consenso social e cunha característica da identidade fundamental, que é a lingua, na que todos e todas poidan facela súa e participar, sen perder nada, e mantendo a bagaxe previa.

### **O papel do catalán na nova política lingüística**

Os tempos mudaron, as prerrogativas xerais da política lingüística mudaron, moitas ideas sobre a planificación da lingua tamén mudaron, pero non mudou o obxectivo fundamental da nosa política lingüística: recuperar plenamente a lingua catalana.

Esta recuperación, con todo, non significa a mesma cousa hoxe, que podería significar ao inicio de 1980. Daquela, recuperar o catalán referírase á garantía de que a maioría da xente en Cataluña, especialmente das xeracións futuras, foran catalanfalantes. Hoxe, pola contra, significa que o catalán sexa a lingua pública común en Cataluña. Independentemente da lingua que o pobo de Cataluña, en cada caso concreto, considere com propia; independentemente da lingua que as persoas que viven ali falen cos seus; independentemente, da lingua ou linguas que falen cos seus fillos e fillas.

Que o catalán sexa a lingua pública común implica que, independentemente de todas estas continxencias, haxa un consenso sobre o feito de que o catalán é a lingua que define os cidadáns de Cataluña e, doutra banda, que, certamente, que o catalán sexa a ponte entre os falantes de máis de duascenas linguas diferentes que se falan a cotío no noso país.

Facer do catalán o idioma público de Cataluña implica un esforzo moi importante en diferentes eidos. Como, por exemplo, reforzar o sistema de inmersión lingüística no noso sistema educativo. Afirmar o catalán como a lingua de ensino (non só primario, senon tamén secundario e universitario) constitúe un dos elementos básicos da afianzamento do catalán como lingua común, efectiva de todas e todos os cataláns.

Ademais, é tamén esencial profundizar na construción dun espazo comunicacional catalán, con medios de comunicación propios e cunha visión do mundo auto-centrada, artellada e construída a partir do propio país, e non dende visións externas de nós mesmos.

Do mesmo xeito, temos que traballar —que é unha tarefa excitante e moi positiva, pero tamén titánica— para acadar que as persoas que chegan poidan incorporarse e participar da nosa comunidade lingüística. Temos que facelo fluidamente, a partires da propia vontade, con todas as facilidades do mundo pola parte da administración, do xeito menos traumático que sexa posible.

Porque é inexcusable que os recién chegados aprendan o idioma catalán e que, dalgunha maneira, fagana sua. O goberno de Cataluña está adicando moito esforzo, cóbado con cóbado coas administracións locais, na tarefa de incorporar aos inmigrantes na nosa comunidade lingüística. Facéndoo apostando pola igualdade de oportunidades.

Por iso dicimos que a política lingüística é, sobre todo, unha política social de primeiro nivel. Un goberno de esquerdas debe traballar para que todos os cidadáns do país poidan participar, tanto na vida pública como na privada, en igualdade de condicións. Para que esto sexa posible, temos que ter todas as ferramentas necesarias para desenvolver-se dentro da nosa sociedade.

E unha das ferramentas esenciais é o coñecemento do catalán. En realidade, por desgraza, pódese vivir hoxe nos territorios de lingua catalana sen dominar o catalán. Pero é igualmente claro que aqueles que non falan catalán non poderán participar na vida social, económica, política, en igualdade de oportunidades coas persoas que si falan catalán.

Por unha banda, entón, temos como obxectivo recuperar para a lingua catalana, a condición verdadeira de lingua nacional das e dos cataláns. Pero iso non significa que debamos esquecer outras linguas que son parte do noso patrimonio histórico e cultural. Para empezar, vou referirme ao occitano, chamado aranés no Val de Arán, lingua propia desta comarca occitana baixo administración catalana dende hai sete séculos.

Dacordo co novo Estatuto de Autonomía, o occitano é a lingua oficial do país, conxuntamente co catalán e o español. Coa oficialidade do occitano, Cataluña quixo facer a merecida homenaxe á minoría nacional histórica que ten no seu interior, e asume o compromiso non só de garantir o futuro da lingua, senon o seu pleno desenvolvemento, co apoio dos poderes públicos. O val de Arán ten dez mil habitantes, a metade dos que usan a lingua occitana como lingua propia. A oficialidade, polo tanto, non depende do número, senon fo feito que a lingua occitana exista dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Cataluña. E, polo tanto, o goberno de Cataluña ten unha responsabilidade clara en relación á lingua occitana.

Por este motivo, xunto co estatus oficial a través do Estatuto de Autonomía, abriuse a porta para crear a oficina "Occitano en Cataluña" e estase elaborando un proxecto de lei que pretende a oficialidad do occitano no noso país.

Na mesma liña, traballous tamén e para preservar outra parte do patrimonio da nosa lingua: a lingua de signos en catalán. No Estado espaæol, hai só dúas linguas de signos (usados polas persoas con xordeira): castelán e catalán. En Cataluña, estamos traballando —xa en trámite parlamentar— na Lei de Signos cataláns, na que van ser artellados os mecanismos para preservar, manter e impulsar esta parte do noso patrimonio nacional lingüístico.

### **O papel doutras linguas**

Ademais da lingua propia de Cataluña, de Arán e da comunidade xorda de signos de Cataluña, a política lingüística da Generalitat traballa con outras linguas. Neste sentido, está empezándose a traballar no desenvolvemento dun Acordo de Habilidades Lingüísticas, que inclúa a toda a cidadanía de Cataluña. Este Acordo vai ser o instrumento que vai usar o goberno catalán para facer que o noso país poida acadar os obxectivos lingüísticos do proceso de Lisboa.

Non se trata só de asegurar que os cataláns aprendan e coñezan a lingua catalana e que sexa a lingua pública do noso país, senon que hai que ir alén diso e acadar que os nosos cidadáns sexan realmente coñecedores (e usuarios) en diferentes idiomas (alomenos na propia e en dúas máis, dacordo co Proceso de Lisboa). O futuro dunha boa comunicación dentro da nosa sociedade (e no conxunto da UE) é chegar a ter cidadáns políglotas. Trátase pois, de combinar a

eficacia comunicativa cos principios ecolingüístico do xeito mais eficaz posible.

Para este fin, debemos traballar para que o coñecemento de interlingua máis xeralizada en Europa, o inglés, sexa máis coñecida en Cataluña. Por primeira vez na enquisa de Usos Lingüísticos de 2008, preguntárase aos cidadáns de Cataluña, o grao de coñecementos en inglés e francés. No caso do inglés, pode desenvolverse con certa fluidez un terzo da poboación. E do francés, un pouco menor.

O francés podería levar-nos a debater a posibilidade de coñecemento das linguas de alcance "rexionais" (é dicir, linguas fortes, dentro de Europa ou no mundo, que son coñecidas en varios países, ou teñen un peso específico moi grande nunha parte concreta do planeta). Estas linguas non pode ocupar lóxicamente, o lugar da interlingua, nen chegar a ser linguas primeira de comunicación exterior, pero seu coñecemento e seu uso pola parte do segmento importante de cidadáns vai axudar a posicionar máis e mellor o país no mundo.

Para nós, estas linguas son, ademais do francés, o alemán ou o ruso. Noutras circunstancias históricas, tamén sería o español, pero o español ocupa un espazo de interlingua (é dicir, lingua de comunicación internacional, coñecida de xeito xeralizado polos cidadáns de Cataluña), e é a primeira lingua da Inmigración no conxunto dos Países Cataláns.

En realidade, o idioma español interseccionase entre a condición de lingua de intercomunicación co exterior e primeira lingua da inmigración, case enteiramente na primeira vaga de migración (procedente das áreas menos desenvolvidas economicamente do Estado español), como de xeito significativo da segunda vaga (chegada, neste caso, dos países de América Latina).

As linguas da inmigración están tornándose parte da herdanza e do patrimonio lingüístico dos Países Cataláns. Hoxe, a inmigración xa non é homoxénea lingüisticamente, senno que se expresa en diferentes idiomas (que aparecen ben suliñados na última enquisa de usos da lingua). Xunto co español, aparece con forza o árabe (probablemente unha parte significativa dos falantes de árabe que falan en amazic, pero a diglosia distorsiona o resultado final), o romanés, o urdú e o chinés.

A política lingüística catalana pasa pola incorporación dos novos inmigrantes na comunidade lingüística catalana, pero tamén pola preservación das linguas de orixe das persoas recén chegados ao noso país. Cremos que, nun contexto de identidades múltiples, é un erro pretender "integrar" aos inmigrantes, coa renuncia das súas propias raíces. Polo contrario, entendemos que o mantemento das súas raíces (e a valoración das súas propias linguas e culturas) é un factor importante de incorporación social e nacional recén da poboación recén chegada. Xerar adeseións pasa polo respecto e polo coñecemento mutuos.

Ademais, o feito de que o país sexa plurilingüe, e que teñamos con nós temos falantes das principais linguas faladas en todo o mundo poderoso (español, árabe, chinés, urdú, ruso ...) abre unha extraordinaria ventaxa de intercomunicación con todo o planeta. Contar entre nós con grupos de persoas competentes nesas linguas supón unha bagaxe lingüística envexable .

### **Lingua e cohesión social**

Nunha nación sen estado como Cataluña, asumir a lingua catalana como lingua pública común é un elemento esencial para garantir a cohesión social no noso país.

Xeralmente, a cohesión social en todo o mundo, funciona a través dalgúns elementos partillados por todos, que constitúen a base do consenso sobre a que se organiza a convivencia. Nun " melting pont = nun caldeiro ", como son os Estados Unidos de América, chegan dous elementos para garantir a cohesión social: o patriotismo americano e o uso do inglés. Xeralmente, nas nacións con Estado, o patriotismo é un elemento básico da cohesión (e inclúe, como podemos supor, características na Constitución - se a ten o país en cuestión- a organización do propio sistema político, as leis en xeral, as normas de convivencia, a lingua, os usos costumes partillados, e eventualmente a relixión ...).

No noso caso, o extraordinario pluralismo da nosa sociedade e a febleza das nosas institucións políticas propias (xuntamente coa división lingüística da nosa área lingüística: os Países Cataláns están divididos entre catro Estados: Franza; Andorra; Italia; e dentro do Estado español, en diversas comunidades autónomas —nas Illas Baleares, o País Valenciano e

Cataluña, e na Franxa de Ponent dentro da comunidade autónoma de Aragón, e o Carxe na rexión de Murcia—) faise particularmente necesaria a existencia dalgún elemento potente cohesionador.

Entre nós, este elemento, dende o renacemento cultural do século XIX (dezanove), é a **lingua**. O catalán tornouse o sinal de identidade comunitaria fundamental entre os cidadáns da nosa nación. A lingua, para nós, constitúe o sinal de identidade máis democrático e menos excluínte de todos (e, polo tanto, unha garantía para garantir unha boa cohesión social).

As razóns son diversas. A maioría dos trazos de identidade coas que foron identificadas as comunidades nacionais foron historicamente excluíntes. Vexamos algúns:

a) O lugar de nacemento: ninguén pode elixir o lugar onde nace, ou onde naceron seus pais. Certamente, podemos mudar o lugar de residencia ou o lugar de traballo, pero non o lugar de nacemento. Aínda hoxe, por exemplo, non pode ser presidente dos Estados Unidos, nengunha persoa que non nacera no país.

b) As características físicas, a orixe étnica, o "ius sanguinis" . É tamén immodificable. Se unha é branca, amerindia, ou Sub-Saharania ... non pode modificarse. Por eso, o "ius sanguinis" exclúe automaticamente todos aqueles que no no comparten.

c). A relixión. Certamente, tamén é un trazo de identidade excluínte. A maioría das relixións son incompatibles unhas con outras. Para dar un exemplo: nen a relixión musulmana nen o Cristianismo nen o Xudaísmo, non pode permitirse simultaneamente ter unha relixión xunto con outra. Polo tanto, non se pode ser de dúas relixións ao mesmo tempo. Pódese mudar de relixión (feito que a maioría das relixións penaliza duramente), pero non poden partillarse, como se partillan outros trazos de identidade.

A lingua, como un trazo de identidade compartida, contrasta con todos os anteriores: aprender unha lingua non significa esquecer de nengunha das que xa se saben; cantas máis linguas se saben, é máis doado de aprender outras de novo; e non é un problema que unha persoa faga parte de moitas comunidades lingüísticas coas que poida identificarse. Polo tanto, a lingua —na

liña das identidades compartidas— non resulta excluínte. Calquera pode iniciarse nunha nova comunidade lingüística pro propia vontade. E formar parte dunha nova comunidade lingüística non implica, por nada, ter que deixar a propia de orixe.

Por esta razón, unha catalinade aberta e integradora, motor dunha sociedade aberta e plural, debe asumir o catalán como un trazo de identidade básico, no contexto da posibilidade de identidades compartidas e de adhesións nacionais plurales e diversas. Todo isto desenvolvido, nun contexto de integración europea que traballa para potenciar unha unha cidadanía común para toda a Unión Europea.

Neste sentido, Cataluña pode ser pioneira no plantexamento de elementos de cohesión social, articulada a través dunha cultura pública partillada que faga da lingua catalana o lugar de encontro entre falantes de linguas diferentes.

### **A estratexia política de Esquerra para a cohesión social**

Esquerra considera que apostar pola lingua propia como factor de cohesión social é apostar para evitar a fractura social e cultural no noso país.

Esquerdo defende e vai defender sempre que Cataluña é un só pobo, que a poboación catalana, independentemente de onde nacera, fale a lingua que fale no seu lar, chámese Gasol, Jiménez ou Figueiredo, sexa considerado un único pobo. E que o cimento social desa unión foi e debe seguir sendo a lingua catalana.

Rachar este consenso básico da sociedade catalana foi a meta do españolismo do PP no noso país, co apoio dos medios de comunicación máis influentes de Madrid: AMC, El Mundo, La Razón, a Cope ... Mesmo medios como El País tenta flirtear con esta estratexia dando cobertura ao discurso intelectual que vai levar á aparición dun novo partido (minoritario e en vías de extinción) en Cataluña: Ciutadans, unha forza supostamente "non-nacionalista" non identitaria "que non tivo máis discursos nos tres anos pasados no Parlament que a defensa da identidade nacional española.

A estratexia de Esquerra de formar un goberno co PSC e con ICV nas dúas pasadas lexislaturas, ten moito a ver con toda esta situación.

O PSC é o partido central da política catalana, cun electorado formado na maior parte pola poboación de orixe castelánfalante chegada a Cataluña no período de "desarrollismo" franquista.

O PSC foi en dúas longas décadas o primeiro partido do país en todas as eleccións, agás o Parlament de Cataluña. Pasou dúas décadas facendo o que a raposa fixo coas uvas na fábula de Esopo. Porque como non podía gobernar Cataluña, desentendiase, e non asumía, as reivindicacións sociais e nacionais do país.

En 2003, o PSC, dirixido por segunda vez por Pasqual Maragall, gañaba en primeira votación, aínda que non en escanos, as eleccións ao Parlament. Esquerra tiña moi claro que, ademais da alternancia democrática saudable que representaba que unha forza como CiU, despois de gobernar máis de vinte anos, pasara á oposición, cumpría promover un goberno de esquerdas que "cosa" ao PSC á nación.

Despois de pasar polo Goberno da Generalitat, e ter experimento de primeira man e en carne propia, a *tacañería* dos gobernos españois amigos do PSOE, o PSC non será máis o mesmo. Durante estes 7 (sete) anos, o PSC defendeu o que non defendera durante os 20 (vinte) anos anteriores. E isto non marcha atrás.

### **E o fixemos co PSC no goberno?**

1. Manter e fortalecer o modelo de inmersión lingüística. Durante 23 (vinte tres) anos de goberno de CiU, non se poido ou non se quixo, blindar o modelo por medio dunha lei e abrir o proceso cara o ensino secundario. Iso significaba unha notable incerteza xurídica, un xuíz podía bloquear o proceso, ou mesmo o goberno español. A nova Lei de Educación de Cataluña blinda o modelo.
2. Durante estes anos, foron creadas 1.050 (mil cincuenta) aulas de acollida nas que a inmigración era recibida en catalán como lingua de acollida. O "modelo catalán" foi un éxito tan

significativo que o mesmo goberno francés está a consideralo.

3. O Parlament de Catalunya está tramitando unha Lei xa aprobada polo Goberno catalán, a "Lei de Acollida". É unha lei ao límites das nosas competencias para que o modelo catalán de integración e arrai da nova inmigración teña a lingua catalana, coñecemento da cultura e do país como base.

(Non quere decir que a Lei de acollida, que plantexa reticencias aos Ministerios do PSOE, non vaia ser levada ao Tribunal Constitucional polo PP, como fixera coa Lei de Educación de Catalunya).

4. O impulso do Voluntariado Lingüístico para conversar e ensinar noso país aos novos cataláns, tanto de organizacións da sociedade civil como das institucións, dos concellos, do Consorcio pola Normalización Lingüística ... permitiu a máis de 10.000 (dez mil) cataláns cada ano, cifra modesta diante do millón de recén chegados, pero en aumento, facéndose parella lingüística dos novos cataláns. Os obxectivos: ensinar a lingua catalana, e con ela a historia do país e costumes, e axudar dese xeito, a unha máis rápida incorporación na sociedade de acollida. Un éxito crecente.

5. A vindería aprobación da "Lei do Cine" debe asegura que os cidadáns poidan escoller o idioma no que queren ver os filmes. Unha lei moi importante para a normalización da nosa lingua nun eido no que foi encarecidamente vexada nos últimos 30 (trinta) anos. Só o 3% (tres por cento) da oferta de filmes está dispoñible en catalán en Catalunya. Este vai ser o maior pulo da lingua catalana dende a salto á creación da TV3.

6. E unha aposta comprometida polas novas tecnoloxías como a web parla.cat, entorno virtual para a aprendizaxe do catalán; con Optimot, servizo unificado de consultas lingüísticas, con tradutores simultáneos ás principais linguas europeas (alemán, Inglés, Castelán e Francés). E hai que ter presente que o catalán é a oitava lingua das bitácoras da rede, a décima con máis traducións e a quinceava con máis artigos virtuais na Wikipedia.

#### **A defensa do ascensor social**

Aprender a lingua catalana é por si soa un factor de integración na sociedade de acollida?

Evidentemente non, non é unha condición suficiente, pero é a primeira e necesaria.

Dominar a lingua do país, significa unha maior autonomía persoal, máiores posibilidades de mobilidade, maiores oportunidades de emprego ...

Para Esquerda, poder aprender a lingua do país é, sen dúbida, o primeiro andar do ascensor social sobre a que construímos no pasado, construímos agora e imos continuar construíndo nosa cohesión social e nacional.

E por eso que tamén somos solidarios coas reivindicacións en defensa da lingua galega, como a histórica manifestación do pasado dezoito de outubro.

“QUEREMOS GALEGO”

“QUEREMOS CATALÁN”

“QUEREMOS AS NOSAS LINGUAS”

“QUEREMOS OS NOSOS POBOS”

Moitas grazas pola súa atención.